



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Municipal de Cervo
Avd. da mariña, 12 baixo
27890 San Cibrao. Lugo
psoe.cervo@gmail.com

A xunta confirma que a maruxaina quedará sen a subvención que se destina para as festas de interese turístico de Galicia

-Despois de que distintos cargos do PP asegurasen públicamente que esta festa tería o seu apoio económico, vemos no rexistro un escrito da Xunta no que resolve “a inadmisión definitiva da solicitude de subvención”

-Por riba, non só nos mentiron senón que “o equipo de goberno non fixo nada por solucionar o asunto, pois non presentaron a documentación requerida nin alegación algunha nos prazos establecidos”

CERVO, 18 DE OUTUBRO. A Festa da Maruxaina non terá a subvención que prometeron dende a Xunta de Galicia. Os socialistas de Cervo sacan a relucir un escrito enviado ó Concello e firmado pola directora de Turismo de Galicia no que se transmite ó equipo de goberno a resolución definitiva de inadmisión da solicitude de axuda para esta Festa declarada de Interese Turístico de Galicia, “este documento presente no Rexistro Xeral dende finais do mes de setembro, confirma que a Xunta denega definitivamente a subvención para a Maruxaina”.

Dende o Grupo Socialista lembran que poucos días despois de que denunciásemos esta situación, “distintos cargos do Partido Popular tanto do Concello como da propia Xunta saían ós medios para desmentir as nosas palabras e confirmar o seu compromiso con tódalas Festas de Interese Turístico, sen diferenza algunha. É hoxe o día no que comprobamos unha vez máis as mentiras do PP. Non o dicimos nós, a propia Xunta resolve a inadmisión definitiva da solicitude de subvención por non presentar a documentación requerida nin alegación algunha nos prazos establecidos”.

Mentiras e pouco interese



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Municipal de Cervo
Avd. da mariña, 12 baixo
27890 San Cibrao. Lugo
psoe.cervo@gmail.com

Neste senso, os socialistas subliñan que “non só mentiron é que, aínda por riba, non cumpren coas súas obrigas e amosan a falta total de compromiso e interese polos asuntos do Concello ó non facer todo o posible para lograr dita subvención”.

Engaden que “tralas súas declaracións confiamos na súa boa fé, recoñecemos que rectificar é de sabios, e unha vez máis as súas promesas caen en saco roto. O mesmo escrito relata que se esgotou a vía administrativa, agora, dar un xiro de 180 grados suporá un gasto e un tempo a maiores que non teñen porque asumir os veciños. Agardamos unha explicación sen falsos argumentos, porque visto o visto, podémonos esperar calquera disculpa”.

GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE CERVO